


## Os animais

### Como se chama(n)?

- \* Os seres vivos que se alimentan doutros organismos.
- \* Os seres vivos formados por máis dunha célula.
- \* A parte máis pequena con vida na que podemos dividir un animal.
- \* O tipo de células que forman os animais.

### Coloca no lugar correspondente as partes da célula animal.



### Di que nome recibe cada tecido.

- \* Tecido que ten unha función de soporte, que dá forma ás estruturas corporais e aos órganos, ao mesmo tempo que os protexe, os cohesiona e os illa.
- \* Tecido especializado en procesar información.
- \* Tecido formado por células que se unen estreitamente para recubrir superficies corporais internas, como os vasos sanguíneos, ou externas, como a pel.
- \* Tecido formado por células que teñen a capacidade de contraerse e permiten o movemento de órganos e do propio animal. Aparece, por exemplo, nos músculos.

### Arrastra. Di como se chama cada un dos procesos da nutrición.

Circulación      Dixestión      Excreción      Respiración

- \*\* Proceso que serve para transformar os alimentos que inxerimos en substancias que as nosas células poidan empregar.
- \*\* Proceso que supón a captación de osíxeno, necesario para o funcionamento das células, e a eliminación do dióxido de carbono.
- \*\* Proceso que permite que substancias útiles para a célula cheguen ata elas e as de refugallo sexan transportadas cara a órganos encargados de eliminalas.
- \*\* Proceso que permite a eliminación de substancias de refugallo cara ao exterior.

**Tendo en conta como se alimenta, arrastra cada animal ao seu lugar.**

|                             |              |         |       |           |
|-----------------------------|--------------|---------|-------|-----------|
| Lamprea                     | Vaca         | Esponxa | Tenia | Lobo      |
| Vampiro                     | Balea branca | Ovella  | León  | Parasitos |
| Aliméntanse a través da pel |              |         |       |           |
| Aliméntanse de líquidos     |              |         |       |           |
| Son filtradores             |              |         |       |           |
| Son depredadores            |              |         |       |           |
| Son herbívoros              |              |         |       |           |

**Di como respira cada un dos seguintes grupos de animais. Une.**

|              |               |          |             |
|--------------|---------------|----------|-------------|
| Peixes       | Aves          | Insectos | Esponxas    |
| Por traqueas | Por branquias | Pola pel | Por pulmóns |

**Na función de relación, di como se chama(n)...**

- \*\* Os órganos encargados de recibir os estímulos.
- \*\* O encargado de procesar a información para elaborar unha resposta axeitada a cada estímulo.
- \*\* Os órganos encargados de executar a resposta.

**Di como se chama(n).**

\* A reprodución na que é necesaria a intervención de dous proxenitores, un macho e unha femia:

Externa      Asexual      Sexual      Machista

- \* A células especializadas na reprodución.
- \* O proceso no que se unen un óvulo e un espermatozoide.
- \* Os órganos especializados na produción de gametos.
- \* A reprodución na que intervéñen un só proxenitor que dá lugar a un novo individuo exactamente igual a el.

Externa      Asexual      Sexual      Individual

- \* A fecundación que ocorre no interior do corpo do animal.
- \* O gameto que producen as femias:      cigoto      óvulo      espermatozoide
- \* O gameto que producen os machos:      cigoto      óvulo      espermatozoide
- \* A fecundación que ocorre fóra do corpo do animal.
- \* O proceso polo que o macho deposita espermatozoides dentro do corpo da femia.
- \* As fases polas que un animal vai pasando desde o seu nacemento ata que se reproduce e dá lugar a un novo individuo, o cal comezará de novo o ciclo.
- \* O tipo máis común de reprodución nos animais:      Externa      Asexual      Sexual      Típica
- \* O cambio que teñen os anfibios no seu corpo para pasar de cría a adulto.
- \* O tipo de reprodución que teñen as esponxas ou as medusas.